

# Programación da asignatura de Música

3º de E.S.O.

I.E.S. Afonso X O Sabio, A Barcala (Cambre)

Curso 2017/2018

## Índice:

- Introdución e contextualización
- Recursos persoais
- Recursos materiais
- Lexislación
- Contribución da materia de música ao logro das competencias clave
- Obxectivos Xerais
- Obxectivos do curso
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
  - 1)Temporalización
  - 2)Grao mínimo de consecución para superar a materia
  - 3 Procedementos e instrumentos de avaliación
- Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
- Materiais e recursos didácticos
- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.
- Plan lector
- Plan de integración das TICs
- Atención á diversidade
- Tratamento dos temas transversais
- Actividades complementarias e extraescolares
- Avaliación e revisión da programación

# INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Afonso X “O Sabio” é un centro situado na área metropolitana de A Coruña. É un centro de uns 800 estudantes, a maioría da ESO, tradicionalmente cun alto grao de abandono escolar. Dende hai anos desenvólvense no centro diversas liñas formativas para intentar dar ao alumnado a maior cantidade de oportunidades posible e reverter esa situación na medida do posible.

O I.E.S. Afonso X “O Sabio” ten tres centros de primaria adscritos: o C.E.I.P. “Wenceslao Fernández Flórez”, o C.E.I.P. O Graxal e o C.E.I.P. Portofaro Aportan alumnos ó Centro na porcentaxe (no presente curso) do 33 % do Wenceslao Fernández Flórez, o 21 % do Graxal e o 39 % do Portofaro. O 7 % restante procede de centros diversos.

No IES Afonso X “O Sabio”, de A Barcala (Cambre), impártense ensinanzas da ESO, bacharelato, ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas e Formación Profesional Básica.

Actualmente o Claustro do I.E.S. Afonso X “O Sabio” está composto por 75 docentes. No presente curso contamos ademais cunha docente auxiliar de conversa. O centro conta coas figuras dos dinamizadores, tendo na actualidade unha persoa dinamizadora de programas europeos, TIC, convivencia, biblioteca e normalización lingüística. Dentro das dinamizacións presentadas, a dinamización de convivencia traballa desde hai máis de dez anos para mellorar o clima e a convivencia nas nosas aulas e isto significa: formación permanente entre o profesorado, divulgación dos programas (mediación, alumnado axudante, aula de reflexión e aula de convivencia, ademais de xornadas de convivencia a realizar xunto con outros centros), concienciación por parte da comunidade educativa e continua revisión dos protocolos que se usan no centro. Por outra parte neste centro cóntanse con dous proxectos Erasmus+, co cal o departamento colabora e dinamízase o programa para acadar a excelencia educativa dos Contratos-programa, mediante o cal organizamos máis obradoiros e concertos para o alumnado, ademais de colaborar cos centros de primaria adscritos ao noso centro e coas súas profesoras de música. Por último, a dinamización TIC está a colaborar xunto coa dinamización de programas europeos para utilizar as diversas ferramentas (blogs, eTwinning, Dropbox, Skype, etc) para poder mellorar a comunicación e a difusión do programa Erasmus+.

## RECURSOS PERSOAIS:

Constitúen o departamento de música do I.E.S. Afonso X “O Sabio”, para o presente curso:

-Cañás Couselo, Santiago profesor numerario e xefe de departamento, impartindo clase nos cursos 2º B, C, D, E e PMAR da ESO, 3º F da ESO, Un grupo combinado de 4º da ESO e o grupo de historia da música e danza de 2º de Bacharelato. (18 horas lectivas máis a xefatura de departamento)

-Alonso Pérez - Ávila, profesora numeraria, vicedirectora, impartindo clase nos cursos 2ºA (secc. Bilingüe) da ESO, nun grupo combinado de 4º da ESO, o grupo de artes escénicas de 4º da ESO, o grupo de linguaxe e práctica musical de 1º Bach (11 horas lectivas máis a vicedirección)

-Domínguez Daponte, Mª Jesús, profesora numeraria en expectativa de destino) , impartindo clase nos cursos 2º B, C, D, e E, 3º A, B, C, D, E e G da ESO (20 horas lectivas).

# RECURSOS MATERIAIS:

Os recursos materiais seguen sendo esencialmente os mesmos que en cursos anteriores. Engadimos un equipo de voces para o aula práctica, máis finalmente unha nova dotación de instrumentos.

Contamos no centro con dúas aulas de música, distribuídas aproximadamente como aula teórica e aula práctica.

A aula teórica conta con canón proxector e un ordenador con materiais multimedia axustados aos contidos. Mantense o equipo de son e máis a pequena percusión para a realización de exercicios elementais, ademais da consabida lousa pautada, a común de xiz, unha guitarra, un piano eléctrico e un teclado.

Na aula práctica dispoñemos de percusión Orff, equipo de son, lousa de xiz e de rotulador, piano, batería eléctrica, baixo eléctrico, amplificador multicanle para os mesmos, guitarras eléctrica e española, tres teclados, un deles sen capacidade dinámica e o citado equipo de voces.

## LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

- O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español, e que viu completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas.
- A Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015), pola que se ditan instrucións para a implantación do citado currículo. O capítulo V (artigo 13) fai referencia as programacións didácticas.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### a. Comunicación lingüística (CCL)

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, fomentando o desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas orais e escritas, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico.

### b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe musical fundaméntase na linguaxe matemática; a representación gráfica da duración do son e do ritmo (figuras, silencios, compases, etc.) se expresa en forma de proporcións matemáticas e fraccións). Igualmente ocorre con outros conceptos musicais como o intervalo, a distribución en tons e semitóns da escala, o acorde ou as indicacións metronómicas, por enumerar algúns.

Por outra parte, trátanse tamén contidos de carácter científico e tecnolóxico, como o estudo do fenómeno físico do son e os seus diferentes parámetros, a produción do son nas diferentes familias instrumentais e os factores que determinan o timbre propio de cada instrumento, os procesos biolóxicos da audición e a voz e o coñecemento das partes do corpo implicadas no mesmo, etc.

### c. Competencia dixital (CD).

A ensinanza de a Música contribúe tamén ó desenvolvemento da competencia dixital, promovendo o dominio básico de recursos tecnolóxicos no campo da música (hardware e software musical, técnicas de tratamento e gravación do son, produción de mensaxes audiovisuais, utilización de Internet como fonte de información, etc.).

### d. Aprender a aprender (CAA).

O estudo da Música fomenta o desenvolvemento de capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe do alumno, como a atención, a concentración, a memoria, o esforzo e a constancia.

### e. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As actividades de interpretación e práctica musical requiren por parte dos alumnos dun traballo cooperativo baseado na tolerancia, o respecto e a solidariedade. Desenvolvemento de habilidades sociais (autocontrol, autoestima e empatía, entre outras).

### f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Ca interpretación musical se potencia a habilidade para planificar e xestionar proxectos e se desenvolven a perseveranza, a responsabilidade, a autonomía e a autoestima, fomentando deste modo a confianza dos alumnos en si mesmos e seu espírito emprendedor.

g. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A Música está relacionada de forma directa con dita competencia en todos os aspectos que a configuran, e a capacidade de comprender e valorar criticamente manifestacións musicables de diferentes culturas, épocas e estilos, a partir da audición e a análise musical e sociolóxico das mesmos, así como a adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias o sentimentos de forma creativa, especialmente ca interpretación, a improvisación e a composición.

# OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde.

o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.



# OBXECTIVOS DO CURSO

- Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical que permitan a súa análise e interpretación.
- Adquirir as capacidades necesarias para poder elaborar e recrear ideas musicais mediante o uso da voz e dos instrumentos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de expresión.
- Desenvolver as capacidades de análise de obras musicais como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural, comprendendo o seu uso social e as súas intencións expresivas.
- Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, goce e apreciación musical.
- Adquirir o vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais e establecer valoracións propias.
- Fomentar a audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal, con vistas a favorecer a ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
- Participar en actividades musicais, tanto dentro como fóra da aula, individual e grupalmente, con actitude aberta, interesada e respectuosa.
- Coñecer as diferentes manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
- Introducirse na utilización das novas tecnoloxías para a reprodución, transmisión e gravación do fenómeno musical.

## CONTIDOS DO CURSO 3º ESO RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

### Bloque 1. Interpretación e creación

#### B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.

MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

#### B1.2. Textura.

MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.

#### B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.

MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.

B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemente e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemente, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemente na realización de producións audiovisuais.

B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.

MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.

MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.

B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.

MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.

## Bloque 2. Escoita

B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.

MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.

B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.

B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.

B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.

MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.

MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.

MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

## Bloque 3. Contextos musicais e culturais

B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.

MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.

MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición

B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.

MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.

B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.

MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.

B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.

MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.

MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

## Bloque 4. Música e tecnoloxías

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

# CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

## 1 INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Estándar de Aprendizaxe Avaliable   | Temporalización   | Grao mínimo de consecución para superar la materia  | Procedementos e instrumentos de avaliación  |
|---|---|---|---|
| <p>MUB1.1.1.<br/>Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> | <p><b>1ª avaliación</b><br/>Lectura en clave de sol ata 1ª liña adicional<br/>Uso de brancas, negras, corcheas e silencios correspondentes.<br/>Matices p e f<br/>Recoñecemento de compases binarios, ternarios ou cuaternarios.<br/>Lectura en compases binarios<br/>Uso de indicadores Adagio e Allegro.<br/>Ditados rítmicos en 2/4, usando brancas, negras, e corcheas.<br/>Ditados melódicos usando la3, mi3 e sol3</p> <p><b>2ª avaliación</b><br/>Lectura en clave de sol ata 1ª liña adicional e en clave de fa desde o do2 ata o sol<br/>Uso de brancas, negras e corcheas e silencios. Uso do puntiño de prolongación.<br/>matices p e f. Uso de matices e efecto eco<br/>Lectura de compases binarios, ternarios ou cuaternarios do anterior.<br/>lectura en compases binarios<br/>Uso de indicadores Adagio e Allegro.<br/>Ditados rítmicos en 2/4 e 3/4 usando brancas, negras, corcheas, puntiño en brancas e negras.<br/>Ditados melódicos empregando as notas</p> | <p>Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas.<br/>Respectar nas interpretacións as indicacións de matices, p, f e mf.<br/>Medir seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.<br/>Respectar o uso dos indicadores de tempo seguintes. Adagio, Andante, Moderato, Allegro.</p> | <p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado.</p> <p>Interpretación ante o instrumental Orff de partituras onde aparezan os elementos indicados a continuación.</p> <p>Ditados feitos na clase onde aparezan os elementos indicados.</p> |

|   |   |   |  |
|---|---|---|--|
|   | <p>de do<sup>3</sup>, a sol<sup>3</sup><br/> <b>3ª avaliación</b><br/> Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas.</p> <p>Lectura con soltura no pentagrama en clave de fa do do<sup>2</sup> ao do<sup>3</sup>, empregando figuras de redonda, brancas, negras e corcheas e silencios correspondentes, puntiño de prolongación en brancas e negras. Interpretar segundo indicacións de matices, p, f e mf. Uso das indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria. Uso dos indicadores de tempo seguintes. Adagio, Andante, Moderato, Allegro. Uso dos indicadores de agónica rit. (ritardando) e accel. (acelerando) Facer ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala natural de do.</p> |   |  |
| <p>MUB1.2.1.<br/> Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.</p> | <p><b>1ª avaliación</b><br/> Recoñecemento e comprensión do concepto de monodia, homofonía e polifonía. Interpretación de cancións monódicas.<br/> <b>2ª avaliación</b><br/> Interpretación de cancións homofónicas a dúas voces.<br/> <b>3ª avaliación</b></p>   | <p>Recoñece auditivamente as texturas monódicas, homofónicas e polifónicas. Recoñece na partitura diferentes tipos de texturas. Interpreta cancións homofónicas e polifónicas (canones)</p> | <p>Proba de recoñecemento auditivo de obras representativas das tres texturas explicadas. Interpretación instrumental de obras de diferentes texturas propostas polo profesorado</p> |

|  |   |   |   |
|--|---|---|---|
|  | <p>Interpretación de cancións homofónicas a tres voces.</p> <p>Interpretacións de cancións polifónicas (canones a dúas ou tres voces segundo posibilidades do grupo)</p>  |   |   |
| <p>MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.</p> | <p><b>1ª avaliación</b><br/>Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste.<br/>Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos.</p> <p><b>2ª avaliación</b><br/>Recoñecemento de formas binarias e ternarios.<br/>Enumeración das características destes dous tipos de formas.</p> <p><b>3ª avaliación</b><br/>Dilucidar formas binarios e ternarios en base a cuestionarios.<br/>Creación de obras sinxelas (8, 16 ou 24 compases) nas que se empreguen os procedementos compositivos coñecidos.</p> | <p>Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste.<br/>Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos.<br/>Recoñecemento de formas binarias e ternarios.<br/>Enumeración das características destes dous tipos de formas.<br/>Creación de obras sinxelas (8, 16 ou 24 compases) nas que se empreguen os procedementos compositivos coñecidos.</p> | <p>Respostar a cuestionarios e recoñecemento de diferentes procedementos compositivos de forma auditiva e sobre a partitura.<br/>Ser capaz de xustificar en base aos coñecementos teóricos os procedementos e as formas atopadas.<br/>Compoñer seguindo indicacións sinxelas obras con sentido melódico e estrutura formal correcta en base as formas coñecidas neste curso e empregando os procedementos compositivos indicados.</p> |
| <p>MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p>       | <p>Todas as avaliacións.<br/>E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución.<br/>Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.</p>   | <p>Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.<br/>Moveuse con precisión e de forma coordinada cos seus compañeiros<br/>Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.</p>   | <p>Ensaio e participación en audicións públicas onde se apliquen estes contidos.</p>  |
| <p>MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</p>                              | <p>Todas as avaliacións.<br/>E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución.<br/>Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.</p>   | <p>Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.</p>  | <p>Ensaio e participación en audicións públicas onde se apliquen estes contidos.</p>  |
| <p>MUB1.4.3. Practica</p>  | <p>Todas as avaliacións.</p>  | <p>Canta de pe, recto e cunha</p>   | <p>Ensaio e participación en</p>  |



|  |  |   |  |
|--|--|---|--|
| a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.   | E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.   | correcta emisión da voz.  | audicións públicas onde se apliquen estes contidos.  |
| MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.      | Todas as avaliacións. E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.   | Amosa interese pola correcta técnica de execución do instrumento que lle corresponde. Valora a mellora sonora que supón a técnica correcta. (En xeral para todos os instrumentos a flexibilidade nas monecas, coller os instrumentos permitindo o máximo de vibracións e ombreiros relaxados) Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros. | Ensaio e participación en audicións públicas onde se apliquen estes contidos.  |
| MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | Todas as avaliacións. E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.   | Comprende que os ensaios correctos son a mellor forma de preparar unha actuación Moverse con precisión e de forma coordinada cos seus compañeiros Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros. Utiliza e emprega a tensión para unha maior concentración no escenario  | Ensaio e participación en audicións públicas onde se apliquen estes contidos   |
| MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.   | <b>1ª avaliación</b><br>Facer ostinatos empregando escalas pentatónicas. Facer exploracións sonoras cos instrumentos da aula ou os proporcionados co alumando, investigacións tímbricas cos mesmos.<br><b>2ª avaliación</b><br>Combinar ostinatos logrando facer polirritmias sen que se perda o pulso. Exploracións con materiais sonoros non musicais.<br><b>3ª avaliación</b><br>Modificar eses | Fai ostinatos Modifica eses ostinatos de tal xeito que se manteña as estrutura rítmica principal e a harmonía Fai exploracións sonoras a partir dos materiais na clase, non exclusivamente instrumentos logrando creacións sonoras.   | Traballo por equipos. Será valorada polo resto dos alumnos tendo en conta os seguintes items. musicalidade conseguida orixinalidade tímbrica e sonora complexidade sen erros apreciábeis polo espectador participación de todos os membros do equipo |

|   |  |  |   |
|---|--|--|---|
|   | <p>ostinatos de tal xeito que se manteña as estrutura rítmica principal e a harmonía</p> <p>Facer exploracións sonoras a partir dos materiais na clase, non exclusivamente instrumentos logrando creacións sonoras.</p>  |  |   |
| <p>MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>   | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.</p>  | <p>Participación de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.</p>   | <p>Observación do profesor ao longo do curso.</p>   |
| <p>MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso.</p> | <p>Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora</p> <p>Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación</p> <p>Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.</p> <p>Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.</p> <p>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.</p> <p>Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.</p> <p>Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.</p> | <p>Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.</p> <p>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p> |
| <p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p>   | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos</p>  | <p>Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora</p> <p>Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación</p> <p>Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.</p> <p>Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.</p> <p>Respectase os silencios tanto</p>   | <p>Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.</p> <p>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p> |

|   |   |  |   |
|---|---|--|---|
|   | estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso.  | ao inicio da peza, como no medio e ao final. Non se culpabiliza os erros dos compañeiros. Asímesse de forma solidaria o resultado musical do conxunto.   |   |
| MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/a   | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso. | Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora<br>Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación<br>Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.<br>Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.<br>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.<br>Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.<br>Asímesse de forma solidaria o resultado musical do conxunto. | Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.<br>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.  |
| MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso. | Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora<br>Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación<br>Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.<br>Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.<br>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.<br>Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.<br>Asímesse de forma solidaria o resultado musical do conxunto. | Empregarase como medio de avaliación, a observación da profesora e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.<br>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación. |
| MUB1.6.5. Participa   | Todas as avaliacións. É este un labor en que  | Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións   | Empregarase como medio de avaliación, a observación do  |

|  |   |   |   |
|--|---|---|---|
| <p>activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</p> | <p>a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso.</p> | <p>propostas pola profesora<br/>Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación<br/>Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.<br/>Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.<br/>Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.<br/>Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.<br/>Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.</p> | <p>profesor e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.<br/>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación.</p>   |
| <p>MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</p>   | <p><b>Primeiro trimestre.</b><br/>Exploración sonora do seu entorno.<br/><b>Segundo trimestre</b><br/>Coñecemento dalgunhas paisaxes sonoras e coñecemento da obra de MurraySchafer.</p>  | <p>Sensibilización sobre o elemento sonoro que nos rodea.<br/>Comprensión e valoración do concepto da Paisaxe Sonora MurraySchafer, creador do concepto da paisaxe sonora.</p>  | <p>Exposición oral de traballos feitos por grupos reducidos (2 ou 3 membros) no que poderán incorporar gravacións e imaxes do seu traballo investigador, pero o realmente valorable será a súa capacidade de abstraccións dos sons escoitados e da súa importancia na creación desa paisaxe sonora.</p>   |
| <p>MUB1.7.2.<br/>Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros</p>  | <p><b>Segundo trimestre</b><br/>Exploración dos elementos sonoros e imitación para reproducir sonoridades.<br/>Investigación dos elementos que producen as características tímbricas dun son.<br/>Ataque, envolvente, extinción.<br/><b>Terceiro trimestre</b><br/>Creación de paisaxes sonoras cun editor de sons. (Audacity)</p>  | <p>Recreación de paisaxes sonoras analizadas mediante elementos sonoros e grafías inventadas por eles<br/>Creación de paisaxes sonoras imaxinarias empregando bancos de son de carácter gratuito.</p>   | <p>Creación sonora en grupos non numerosos (5-6 alumnos) empregando materiais musicais ou non musicais.<br/>Será valorada polo resto dos alumnos tendo en conta os seguintes items.<br/>musicalidade conseguida<br/>orixinalidade tímbrica e sonora<br/>complexidade sen erros<br/>apreciábeis polo espectador<br/>participación de todos os membros do equipo<br/>Empregarase como medio de avaliación, a observación da profesora e as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual.<br/>Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación. .<br/>Audición na aula, valoración por parte dos seus compañeiros como no caso anterior, e posteriormente será colgado no</p> |

|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
|  |  |  | bloque da asignatura da paisaxe sonora imaxinaria feito polo alumnado (grupos reducidos (3 persoas)) |
|--|--|--|--|

## 2 ESCOITA

| Estándar de Aprendizaxe available  | Temporalización   | Grao mínimo de consecución para superar la materia   | Procedementos e instrumentos de avaliación  |
|--|---|--|---|
| <p>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</p> | <p><b>Primeiro trimestre.</b><br/>Instrumentos da orquestra.<br/>Recoñecemento visual e auditivo.<br/>Características principais.<br/>Instrumentos da música tradicional.<br/>Recoñecemento visual e auditivo.<br/>Características principais.<br/>Colocación e disposición da orquestra sinfónica.<br/>Coros. Tipos de voces.</p> <p><b>Segundo trimestre</b><br/>Evolución da orquestra; orquestra barroca, clásica, romántica, de cámara e sinfónica.</p> <p><b>Terceiro trimestre</b><br/>Agrupacións de cámara<br/>bandas e brassbands<br/>Agrupacións da música popular do século XX.- Bandas de rock e Jazz e Bigbands</p> | <p>Recoñecemento auditivo e visual dos instrumentos da orquestra sinfónica.<br/>Recoñecemento auditivo e visual do piano e da guitarra<br/>Recoñecemento auditivo e visual dos instrumentos da banda de rock estándar<br/>Recoñecemento auditivo e visual de instrumentos pertencentes á música tradicional galega.<br/>Coñecemento das principais tesituras de voces. Coros mixtos, coros de voces brancas e coros masculinos.<br/>Características máis importantes de produción do son dos demais.<br/>Formación e colocación da orquestra sinfónica.<br/>Modificacións ao longo da historia: Orquestra barroca, orquestra clásica, orquestra romántica, orquestra sinfónica do século XX.<br/>Composición das bandas e das brassbands.<br/>Agrupacións máis importantes da música de cámara. Tríos e cuartetos clásicos.<br/>Agrupacións de música popular do século XX. Banda de rock e Jazz e BigBand de Jazz</p> | <p>Probas específicas de recoñecemento de audición e recoñecemento visual.<br/>Empregarase reprodutor de audio.<br/>Tamén documentos visuais animados ou non que se proxectaran co canon desde ordenador do profesor.<br/>Ou ben proporcionaren enlaces para que investigue o alumno.<br/>Os apuntes serán proporcionados online para permitir o seu texto enriquecido.<br/>Enlaces a vídeos de YouTube o arquivos sonoros que sirvan de exemplo.</p> |
| <p>MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</p>  | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vivir a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as</p>  | <p>Ser capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer os elementos gráficos.<br/>Recoñecemento das indicacións de repetición.<br/>Doble barras, da Capo, fine, e similares.<br/>Coñecemento dos convencionalismos das partituras. Sistemas, lectura de abaixo arriba, disposición</p>   | <p>Observación da profesora no aula de música e apuntamento na caderno de observación.</p>  |

|   |   |  |   |
|---|---|--|---|
|   | capacidades desenvolvidas.<br>Nas primeiras audicións, a profesora indicará onde está a audición coa enumeración en voz alta dos números dos compases.  | dunha partitura orquestral ou coral.   |   |
| MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.                          | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas.               | Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical. A progresividade virá dada por facelo para respostar preguntas, para seguir documentos de apoio, partituras ou musicogramas e finalmente, facelo pola necesidade do silencio para escoitar música.   | Observación da profesora no aula de música e apuntamento na caderno de observación.   |
| MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas.               | Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.  | Proporase ao alumando que traia músicas do seu gusto analizándoas na aula, explicándose a que estilo pertencen e porque a escolle para escoitar cos seus compañeiros. Observación da profesora no aula de música e apuntamento na caderno de observación. |
| MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.                     | <b>1ª Trimestre</b><br>Características da música Occidental fronte a outras tradicións.<br>Idade Media<br>Renacemento<br><b>2ª Trimestre</b><br>Barroco,<br>Clasicismo,<br><b>3ª Trimestre</b><br>Romanticismo<br>Música do século XX<br>Influencias da música non Occidental na música do século XX. | Coñecemento das características principais dos estilos nos que tradicionalmente dividimos a música Occidental. Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo (Nacionalismos) e música do século XX.<br>Identificación de características propias da música Occidental respecto doutras tradicións.<br>Identificar auditivamente dos trazos que identifican cada unha destas músicas. | Probas escritas, tanto a modo de actividades na aula como exame   |
| UB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os   | <b>1ª Trimestre</b><br>concepto de melodía<br>concepto de ritmo,  | Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical:   | Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.   |

|  |   |   |   |
|--|---|---|---|
| diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.  | tempo e dinámica<br><b>2ª Trimestre</b><br>harmonía: concepto de acorde<br>textura<br><b>3ª Trimestre</b><br>timbre<br>forma  | melodía,<br>ritmo,<br>harmonía<br>timbre,<br>textura,<br>tempo,<br>dinámica,<br>forma.  | Tanto nos comentarios feitos na aula como parte das actividades do curso como nas probas escritas.  |
| MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.  | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas. | Ser autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura. Manexar diferentes bases de datos na procura de audicións. Uso da biblioteca, sección de discos<br>Uso de Spotify, YouTube e Goear como base de datos e para facer listas de reprodución.<br>Ser consciente dos usos de cada unha desas plataformas. | Probas escritas, nas que se amose o uso das fontes proporcionadas de forma autónoma.<br>Entrega e publicación de listas de reprodución cos temas pedidos.<br>Exposición das características de cada plataforma. |
| MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas. | Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico.   | Tanto nos comentarios feitos na aula como parte das actividades do curso. como nas probas escritas  |

### 3 CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

| <b>Estándar de Aprendizaxe viable</b>  | <b>Temporalización</b>   | <b>Grao mínimo de consecución para superar la materia</b>  | <b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>                    |
|--|--|--|--|
| MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | <b>1ª Trimestre</b><br>música e danza.<br>música incidental no teatro. Outros. Cabaret, Café Cantante...<br><b>2ª Trimestre</b><br>Música no cine<br><b>3ª Trimestre</b><br>Música noutras disciplinas audiovisuais. Televisión, radio e publicidade Videoxogos... | Comprende que a música está como base de moitísimas das linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual<br>Comprende as funcións que a música desempeña nesas linguaxes.<br>Expresa con corrección e coherencia esas funcións. | Fai exposicións orais ou escritas nas que valore esas contribucións. |
|  |  |  |  |

|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| <p>MUB3.1.2.<br/>Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</p>   | <p><b>1ª Trimestre</b><br/>danzas cortesanas medievais e renacentistas.<br/><b>2ª Trimestre</b><br/>Nacemento do ballet. Ballet da court Ballets románticos<br/><b>3ª Trimestre</b><br/>Danza contemporánea bailes populares. Street dance.</p>  | <p>Identifica diferentes estilos de danza ao longo da historia Ponnos en relación coa música que o acompaña</p>  | <p>Corrección dos comentarios en relación coas imaxes visionadas no aula.<br/>Actitudes corporais acordes coa época das danzas que se practiquen no aula.</p>  |
| <p>MUB3.1.3.<br/>Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</p>   | <p><b>3ª Trimestre</b><br/><br/>Modificación do achegamento á música no século XX.<br/>O público do século XX simple consumidor de música fronte a música como produto doméstico anteriormente.<br/>A web 2.0 e sistemas de gravación en dispositivos móbiles. O espectador/consumidor/ creador do século XXI.</p> | <p>Comprende o cambio que o acceso a música sufriu coa aparición do sistemas de gravación<br/>Interese en crear ademais de consumir música.</p>  | <p>Comentarios de textos propostos ou creación de composicións escritas ao respecto.<br/>Valoración da súa propia relación coa música.</p>   |
| <p>MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</p> | <p><b>3ª Trimestre</b><br/><br/>E este un traballo no que vai ter que integrar todas as aprendizaxes desenvolvidas até este momento, por iso será interesante colocalo cara o final de curso.</p>  | <p>Manexar diferentes bases de datos na procura de audicións.<br/>Uso da biblioteca, sección de discos<br/>Uso de Spotify, YouTube e Goear como base de datos e para facer listas de reprodución.<br/>Ser consciente dos usos de cada unha desas plataformas.<br/>Empregar distintas fontes de información, bibliográfica e dixital.<br/>Indicación e discriminación das fontes.<br/>Fai un guión ben ordenado e conforme á investigación suxerida.<br/>Emprega distintos formatos na exposición.<br/>Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado<br/>Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.<br/>Participa activamente na realización do traballo.</p> | <p>Observación por parte da profesora da achega de cada un dos membros do grupo ao traballo.<br/>Exposición oral de traballos de investigación pedidos e de grupos investigados polo alumnado..<br/>Valoración a cargo da profesora e dos compañeiros segundo os seguintes ítems.<br/>Claridade na exposición.<br/>Claridade e correspondencia do guión.<br/>Coherencia contidos e título do traballo investigación<br/>Número de fontes empregadas<br/>Número de recursos empregados na exposición.</p> |
| <p>MUB3.3.1.<br/>Relaciona as</p>  | <p><b>1ª Trimestre</b><br/>concepto de melodía</p>   | <p>Comprende os diferentes parámetros que constrúen a</p>  | <p>Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma</p>   |



|  |  |   |   |
|--|--|---|---|
| <p>questións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</p>   | <p>concepto de ritmo, tempo e dinámica<br/> <b>2ª Trimestre</b><br/> harmonía: concepto de acorde<br/> textura<br/> <b>3ª Trimestre</b><br/> timbre<br/> forma</p>   | <p>obra musical:<br/> melodía,<br/> ritmo,<br/> harmonía<br/> timbre,<br/> textura,<br/> tempo,<br/> dinámica,<br/> forma.</p>  | <p>oral un vocabulario específico de forma correcta.<br/> Tanto nos comentarios feitos na aula como parte das actividades do curso como nas probas escritas</p>   |
| <p>MUB3.4.1.<br/> Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</p>  | <p><b>1ª Trimestre</b><br/> Características da música Occidental fronte a outras tradicións.<br/> Idade Media<br/> Renacemento<br/> Barroco<br/> <b>2ª Trimestre</b><br/> Clasicismo<br/> Romanticismo<br/> Nacionalismo<br/> <b>3ª Trimestre</b><br/> Impresionismo<br/> Música do século XX<br/> Influencias da música non Occidental na música do século XX</p> | <p>Coñecemento das características principais dos estilos nos que tradicionalmente dividimos a música Occidental. Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo (Nacionalismos) e música do século XX.<br/> Identificación de características propias da música Occidental respecto doutras tradicións.<br/> Identificar auditivamente dos trazos que identifican cada unha destas músicas.</p> | <p>Probas escritas, tanto a modo de actividades na aula como exames.</p>  |
| <p>MUB3.4.2.<br/> Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</p> | <p><b>3ª Trimestre</b><br/> Modificación do achegamento á música no século XX.<br/> O público do século XX simple consumidor de música fronte a música como produto doméstico anteriormente.<br/> A web 2.0 e sistemas de gravación en dispositivos móbiles. O espectador/consumidor/ creador do século XXI</p>  | <p>Comprende o cambio que o acceso a música sufriu coa aparición do sistemas de gravación<br/> Interese en crear ademais de consumir música</p>   | <p>Comentarios de textos propostos ou creación de composicións escritas ao respecto.<br/> Valoración da súa propia relación coa música.</p>   |
| <p>MUB3.5.1.<br/> Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais</p>   | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.<br/> As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas.</p>  | <p>Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.</p>  | <p>Proporase ao alumnado que traia músicas do seu gusto analizándoas na aula, explicándose a que estilo pertencen e porque a escolle para escoitar cos seus compañeiros.<br/> Observación do profesor no aula de música e apuntamento na caderno de observación.<br/> Valorarase o emprego dunha linguaxe técnica correcta.</p> |
| <p>MUB3.5.2.<br/> Comunica</p>   | <p>Todas as avaliacións. É este un labor en que a</p>  | <p>Respecto e interese por escoitar as músicas propostas</p>  | <p>Proporase ao alumnado que traia músicas do seu gusto</p>   |

|   |   |   |   |
|---|---|---|---|
| coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade   | progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas.  | na aula polo profesor e polos compañeiros.  | analizándoas na aula, explicándose a que estilo pertencen e porque a escolle para escoitar cos seus compañeiros. Observación do profesor no aula de música e apuntamento na caderno de observación. Valorarase o emprego dunha linguaxe técnica correcta.   |
| MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións | Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas. | Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros. Manexar diferentes bases de datos na procura de audicións. Uso da biblioteca, sección de discos. Uso de Spotify, YouTube e Goear como base de datos e para facer listas de reprodución. Ser consciente dos usos de cada unha desas plataformas. Empregar distintas fontes de información, bibliográfica e dixital. Poderá empregarse dispositivos móbiles na aula para tal fin. Indicación e discriminación das fontes. Fai un guión ben ordenado e conforme á investigación suxerida. Emprega distintos formatos na exposición. Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado | Exposición oral de traballos de investigación pedidos e de grupos investigados polo alumnado.. Valoración a cargo da profesora e dos compañeiros segundo os seguintes ítems. Claridade na exposición. Claridade e correspondencia do guión. Coherencia contidos e título do traballo investigación. Número de fontes empregadas. Número de recursos empregados na exposición. |

## 4 MÚSICA E TECNOLOXÍA

| <b>Estándar de Aprendizaxe available</b>  | <b>Temporalización</b>   | <b>Grao mínimo de consecución para superar la materia</b>   | <b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>   |
|---|--|---|---|
| MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical. | <b>1º Trimestre</b><br>Diferencias e usos correctos de YouTube, Spotify, Goear e novas plataformas. Dereitos de autor, copyright, completo, creativecommons. Editor de partituras. Copia de partituras, e introdución ás | Emprega con autonomía un editor de partituras (MuseScore)<br>Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)<br>Coñece as posibilidades dun editor de partituras online (Noteflight)<br>Coñece as posibilidades e diferenzas entre as diferentes plataformas. | Entrega online de diferentes traballos pedidos polo profesor. Copia de partituras ou creación das mesmas.<br>Entrega de arquivos sonoros creados co editor de son.<br>Entrega de listas de reprodución<br>Exposición oral o escrita das diferenzas entre as diferentes aplicacións/programas ou plataformas empregados na |

|   |  |  |  |
|---|--|--|--|
|   | <p>harmonizacións.</p> <p><b>2ª Trimestre</b><br/>         Uso do editor de partituras para crear melodías con sentidos musical.<br/>         Audacity. Gravación da voz. Sonorización de contos. Lectura en voz alta.</p> <p><b>3ª Trimestre</b><br/>         MuseScore. Creación de obras máis complexas.<br/>         Noteflight. Exploración de posibilidades.<br/>         Audacity. creación de paisaxes sonoras.</p>  | <p>Comprende o concepto de música en streaming .</p>   | <p>aula.</p>   |
| <p>MUB4.1.2.<br/>         Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</p> | <p><b>1ª Trimestre</b><br/>         Diferencias e usos correctos de YouTube, Spotify, Goear e novas plataformas.<br/>         Dereitos de autor, copyright, completo, creativecommons.<br/>         Editor de partituras.<br/>         Copia de partituras, e introdución ás harmonizacións.</p> <p><b>2ª Trimestre</b><br/>         Uso do editor de partituras para crear melodías con sentido musical.<br/>         Audacity. Gravación da voz. Sonorización de contos. Lectura en voz alta.</p> <p><b>3ª Trimestre</b><br/>         MuseScore. Creación de obras máis complexas.<br/>         Noteflight. Exploración de posibilidades.<br/>         Audacity. creación de paisaxes sonoras.</p> | <p>Emprega con autonomía un editor de partituras (MuseScore)<br/>         Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)<br/>         Coñece as posibilidades dun editor de partituras online (Noteflight)<br/>         Coñece as posibilidades e diferencias entre as diferentes plataformas.<br/>         Comprende o concepto de música en streaming .</p> | <p>Entrega online de diferentes traballos pedidos polo profesor.<br/>         Copia de partituras ou creación das mesmas.<br/>         Entrega de arquivos sonoros creador co editor de son.<br/>         Entrega de listas de reprodución<br/>         Exposición oral o escrita das diferencias entre as diferentes aplicacións/programas ou plataformas empregados na aula.</p> |
| <p>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>                     | <p><b>1ª Trimestre</b><br/>         Diferencias e usos correctos de YouTube, Spotify, Goear e novas plataformas.<br/>         Dereitos de autor, copyright, completo, creativecommons.<br/>         Editor de partituras.<br/>         Copia de partituras, e introdución ás harmonizacións.</p> <p><b>2ª Trimestre</b><br/>         Uso do editor de partituras para crear</p>  | <p>Emprega con autonomía un editor de partituras (MuseScore)<br/>         Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)<br/>         Coñece as posibilidades dun editor de partituras online (Noteflight)<br/>         Coñece as posibilidades e diferencias entre as diferentes plataformas.<br/>         Comprende o concepto de música en streaming .</p> | <p>Entrega online de diferentes traballos pedidos polo profesor.<br/>         Copia de partituras ou creación das mesmas.<br/>         Entrega de arquivos sonoros creador co editor de son.<br/>         Entrega de listas de reprodución<br/>         Exposición oral o escrita das diferenzas entre as diferentes aplicacións/programas ou plataformas empregados na aula.</p>  |

|  |   |  |  |
|--|---|--|--|
|  | melodías con sentidos musical.<br>Audacity. Gravación da voz. Sonorización de contos. Lectura en voz alta.<br><b>3º Trimestre</b><br>MuseScore. Creación de obras máis complexas.<br>Noteflight. Exploración de posibilidades.<br>Audacity. creación de paisaxes sonoras. |  |  |
|--|---|--|--|

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Basearémonos na seguinte metodoloxía:

### Audición

Escoitar é o primeiro e un dos máis importantes contactos coa música a nivel xeral. Ao escoitar e analizar fragmentos interiorízanse mellor os elementos da linguaxe musical e fomentase o desexo tanto de facer música como de coñecela e valorala. Ademais coa audición de fragmentos gravados, trabállanse estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a propia interpretación e creacións musicais.

Antes de calquera actividade de audición, pódense dar as indicacións precisas para que o alumnado se centre en aquilo que vai ser obxecto de análise (ritmo, esquema melódico, instrumentación, secuencia de acordes, textura). Existen dúas formas básicas de escoitar de forma activa: seguir un esquema ou guión aclaratorio do discurso musical, ou expresar o que se percibiu auditivamente mediante o uso da linguaxe verbal ou recorrer a debuxos, esquemas, musicogramas, etc.

Todas as obras ou fragmentos obxecto de análise auditivo deberíanse escoitar como mínimo dúas veces na mesma sesión. Nun arte como a música no que a comprensión da mensaxe está ligado á natureza temporal da música, é necesario escoitar a obra máis dunha vez para que a nosa capacidade de memoria se active e sexa capaz de discriminar o que nunha soa audición resultaría máis difícil.

Os fragmentos que se empregarán para as audicións serán variados e representativos da maioría dos estilos musicais, períodos, xéneros, agrupacións e culturas (música culta, pop-rock, jazz, flamenco, música cinematográfica, música electrónica, música folclórica, etc.).

### Interpretación

A interpretación é xunto á composición, a forma de expresión básica do músico e, polo tanto, no que máis debe insistirse no proceso de ensinanza-aprendizaxe da música. O feito de dispoñer da súa propia voz, o corpo e un instrumental de fácil execución como a percusión Orff fai da interpretación unha das tarefas máis recomendables de dito proceso.

A maioría de veces, a interpretación implica actividades en grupo. En tanto, tamén pódese potenciar a práctica individual, sobre todo nas actividades destinadas a desenvolver determinadas capacidades como, por exemplo, unha afinación xusta ou unha habilidade

instrumental, vocal ou corporal determinada, cando sexan necesarios para a consecución dun obxectivo dentro da obra.

Os criterios de selección do material para as actividades de interpretación poden resumirse na idea dun repertorio heteroxéneo, no que teñen cabida moitos xéneros e estilos, mediante uns arranxos que facilitan a práctica interpretativa.

Pautas xerais para a interpretación.

Insistir nas normas de interpretación en grupo traballadas anteriormente.

Basearse en recursos escritos ou gráficos. É chegado o momento de independizarse de a aprendizaxe de "oído".

O desenvolvemento das capacidades interpretativas ten como marco tres áreas diferenciadas aínda que estreitamente relacionadas entre si: a expresión instrumental, a expresión vocal e a expresión corporal ou movemento.

### Expresión instrumental

Neste nivel non se expoñen actividades específicas para o desenvolvemento da técnica instrumental, aínda que si aparecen formando parte de actividades de interpretación y creación musical.

#### Expresión vocal

Realizaremos as actividades de técnica vocal (resonancia, articulación, vocalización, impostación) periodicamente desde principio de curso e, sobre todo, antes de abordar a interpretación dalgunha canción.

#### Expresión corporal, movemento e danza

A música é o soporte da danza, polo que o movemento corporal é un obxectivo que se ha de alcanzar e un recurso didáctico para a expresión de contidos musicais como a pulsación, o deseño melódico, a textura e a forma.

### Improvisación

A improvisación reúne en si mesma as dúas facetas musicais máis importantes: a composición e a interpretación. Dito procedemento permite explorar posibilidades sonoras.

A improvisación pódese expoñer dentro dun abano de posibilidades que van desde a liberdade total até a suxeición a unhas pautas predeterminadas. Está presente ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, constituíndo en moitas ocasións non só un punto de partida para as actividades baseadas na interpretación e na creación, se non tamén o eixo central de partes específicas da aprendizaxe, como poden ser as actividades rítmicas ou a entoación de sons e a exploración tímbrica e formal. Pódese insistir en que, para improvisar, hai que partir das pautas dadas e manter unha actitude desinhibida e participativa, despreocupándose dos posibles erros e adoptando unha actitude construtiva ante os mesmos.

### Creación

Parte da experimentación e a combinación de sons ou elementos corporais a través da improvisación para chegar, posteriormente, a un traballo máis planificado que se plasme na composición, e que permita ao alumnado interiorizar os elementos que permiten construír a música.

## Composición

Seguimos neste nivel a facer exercicios de composición en base a estruturas sinxelas dadas, como a secuencia I-IV-V-I, nas que a repetición de motivos é a ferramenta fundamental. Comeza a ser o momento de actuar con máis autonomía e creatividade, partindo da experimentación, da improvisación e chegando a interiorización de pautas e métodos.

## Creación e montaxe de coreografías

A faceta creativa do alumnado non debe quedar exclusivamente na composición de fragmentos vocais e instrumentais. A creación de coreografías é o complemento ideal ás actividades de expresión corporal e danza.

## Lectoescritura musical

A música é unha linguaxe e constrúese, da mesma forma que a linguaxe verbal, a partir dunhas unidades de significación que se combinan de múltiples formas e que hai que aprender a manexar con soltura. Isto non significa que haxa que aprendelo como unha actividade mecánica. Ao contrario, as actividades baseadas na lectura e a escritura musicais deben ser un medio para a consecución doutros obxectivos, constituíndo a base para outros procedementos como a audición, a improvisación, a interpretación ou a composición de fragmentos.

A lectoescritura musical non debe ser entendida desde un punto de vista restritivo no que só tería cabida a forma tradicional de representar a música con notas nun pentagrama. Outros sistemas de representación, esquemas ou musicogramas, utilizaranse habitualmente na clase.

## Investigación e alfabetización informacional

Pódense agrupar aquí, os contidos curriculares encamiñadas a fomentar hábitos de búsqueda de información, posta en común e debate. Este tipo de contidos cobran toda a súa importancia xa que o alumnado a estas idades va adquirindo a madureza necesaria que lle permite abordar as tarefas de investigación de forma máis autónoma e con maior criterio.

Insistirase en que buscar información a partir dun tema ou cuestionario non é ir directamente ao lugar concreto da fonte (bibliografía, partitura, material de audio o vídeo, Internet) onde agardase atopar unha resposta determinada para copiala literalmente. Máis ao contrario, hai que planificar a búsqueda, elixir máis dunha fonte, ler e escoitar con tranquilidade, extraer as ideas máis importantes. Analizalas, desenvolveas e realizar unha síntese a partir de todo o material traballado.

# AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS

Se no momento das avaliación inicial atopáramos con alumnos que non logran seguir o nivel inicial da clase. Isto quere dicir, no caso de que non foran quen de ler as notas dentro do pentagrama na clave de sol, non son capaces de seguir o pulso, ou ben non son quen de diferenciar ritmos binarios e ternarios. Procederase a recomendar que retome ou volva a repetir o cuaderniño do curso pasado, que se lle corrixirá na aula.

Dado que a maioría das actividades que se van facer son colaborativas, incluírase a estes alumnos nos grupos, sempre tendo en conta as dificultades á hora de asignaráselle un papel

cunha dificultade menor (instrumentos de son indeterminado) ou similar. Iso significa que se valorará a participación e aporte do alumno en función das súas capacidades.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais cos que se conta e que serán precisos para desenvolver esta programación son os seguintes.-

1. Aulas de música.
2. Dotación de material Orff para a aula de música, con metalófonos e xilófonos baixos, altos e sopranos e carillóns contraltos e sopranos e pequena percusión variada.
3. Piano electrónico Casio/Celviano.
4. Reprodutor de Cds conectado a altavoces.
5. Ordenador no aula con conexión a Internet.
6. Teclados midi.
7. Guitarra e baixo eléctrico.
8. Batería eléctrica.
9. Canón proxector.
10. Lousa pautada.
11. Lousa normal.
12. Ordenadores para alumnos con acceso a Internet e coas aplicacións e programas indicados en contidos instalados, especialmente MuseScore, Spotify, e Audacity.
13. Apuntes e actividades da materia dispoñibles no aula virtual do centro.

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

- 3.- Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

50% da nota atribuíble ao exame ou exames que se fagan coincidindo coa avaliación.

30% será determinada polo traballo na aula do alumno, interpretación e creacións.

Atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.

Será sancionada a non participación de alumnado nestas actividades, xa que impedirá a avaliación positiva na asignatura, independentemente da nota matemática conseguida nos outros procedementos avaliadores.

20% por traballos e exercicios que se fagan na casa, presentacións que se propoñan para o aula, e demais traballos que se fagan na materia.

De forma extraordinaria e a criterio do profesor, arbitrase unha proba final que só computará un 50% da nota final e o outro 50% será determinado polo traballo realizado polos alumnos ao longo do curso.

Considerarase a tal fin tanto os traballos de exercicios, como os proxectos baseados en lecturas, podcasts, buscas en Internet, presentacións ou creacións informáticas que se sexan prantexados na clase.



O profesor pode, se o considera pertinente, poñerlle notas distintas aos integrantes dun grupo valorando a súa achega.

Os exames constarán de tres partes diferenciadas e para a superación do mesmo, será necesario que o alumno puntúe como mínimo un punto en cada unha das partes.

A primeira parte, terá un contido máis teórico, daqueles elementos que se traballen na avaliación, como poden ser o son, as voces, os instrumentos ou similares.

A segunda parte, terá contido de linguaxe musical, e obrigará ao alumno a desenvolverse minimamente coa linguaxe musical.

A terceira parte, terá carácter auditivo, e permitirá á profesora comprobar a capacidade do/a alumno/a para discriminar auditivamente os elementos sonoros.

## INDICADORES DE LOGRO

Le con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas.

Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.

Facer ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala natural de do. (Até un Máximo oito erros en oito compases )

Recoñece auditivamente as texturas monódicas, homofónicas e polifónicas.

Comprende dos conceptos de repetición, imitación e contraste.

Enumera as características das formas binarias e ternarias.

Resposta a cuestionarios e recoñece diferentes procedementos compositivos de forma auditiva e sobre a partitura.

Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.

Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.

Fai ostinatos

Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.

Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.

Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.

Comprende e valorado concepto da Paisaxe Sonora.

Crea de paisaxes sonoras imaxinarias empregando bancos de son de carácter gratuïto.

Recoñece auditiva e visualmente os instrumentos da orquestra sinfónica.

Coñece as principais tesituras de voces. Coros mixtos, coros de voces brancas e coros masculinos.

Segue unha partitura proporcionada para seguir unha audición ( implica recoñecer os elementos gráficos)

Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.

Amosa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.

Coñece as características principais dos estilos nos que tradicionalmente dividimos a música Occidental. Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo (Nacionalismos) e música do século XX.

Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...

É autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.

Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta

Comprende que a música está como base de moitísimas das linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual.

Identifica diferentes estilos de danza ao longo da historia

Emprega distintas fontes de información, bibliográfica e dixital.

Participa activamente na realización do traballo colaborativo.

Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado

Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.

Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

Emprega con autonomía un editor de partituras (MuseScore)

Emprega con autonomía un editor de son (Audacity)

# ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Para o alumnado de 4º ESO avaliado negativamente en 3º curso:

Os contidos esixibles son os mesmos que figuran na programación de 3º ESO neste curso.

As actividades de avaliación serán como segue:

-Realización de actividades proporcionadas polo departamento, titorados regularmente. A súa correcta realización e seguimento contará un 20% na cualificación final, ademais de permitir a realización dos controis trimestrais.

-Levando ao día as actividades do libro e do caderno, farase un control trimestral do contido de cada avaliación, que contará un 80% na nota final.

-En caso de non superar a materia deste xeito, ben por non acadar o mínimo esixido ou ben por non facer as actividades de recuperación, caberá a posibilidade de presentarse a un exame final.

Nas horas de titoría de alumnos estará accesible para calquera dúbidas que se lle poda presentar.

# PLAN LECTOR

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores.

Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Durante as clases adócanse polo menos dez minutos á lectura comprensiva de textos que expoñen polo xeral os contidos propios da materia.

Trala lectura, os alumnos responden oralmente ou por escrito a cuestións sinxelas, a través das que relacionan e explican o fragmento de texto lido na clase.

Todas as actividades propostas na clase, constan dun enunciado que eles teñen que ler e entender para poder solventar axeitadamente.

Da meirande parte das cancións rock e pop propostas adxuntamos as letras, que os alumnos seguen para comprender o significado e o sentido da música, polo que trabállase tamén unha lingua estranxeira., en concreto, o inglés.

Nas actividades de dramatización, través da lectura e representación escénica de libretos operísticos ou zarzuelísticos ( na lingua orixinal e traducidas ao castelán ou ao galego), se desenvolve esta competencia básica, ao tempo que se acercan a outras linguas, como o italiano, o francés ou o alemán.

## ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR

Nas clases de música a linguaxe verbal utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como Instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento da lectura nas clases de música:

- Lectura persoal de textos expositivos e realización oral ou escrita de cuestións vinculadas coa comprensión do contido dos mesmos.
- Cumprimentación de fichas de audición, onde comezan por cubrir unha serie de puntos básicos (autor, marco cronolóxico, estilo musical, obra, plantilla instrumental ou vocal, etc.), a partir dos que elaborarán textos expositivos.
- Lectura e comprensión de definicións de conceptos musicais.
- Definición destes conceptos musicais aprendidos mediante o uso do propio vocabulario.
- Lectura de textos de prensa, revistas ou información recollida en Internet dos que se lles pide resúmen, definir os termos musicais que o profesor lles subraia, sinalar ideas principais e secundarias, inventar un novo titular no caso dunha nova e, se cadra, a opinión propia.
- Lectura de información relativa a un tema concreto coa finalidade de elaborar pequenos traballos escritos.
- Lectura atenta dos enunciados das actividades propostas no aula: trala lectura en voz alta dos mesmos cada día un alumno diferente responderá oralmente ao profesor “que cómpre facer?”.

## PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Estase a promocionar unha canle de Youtube con contidos xerados no instituto (vídeos dos alumnos) ou ben ligazóns a temas de interese (vídeos de audicións)

Os alumnos utilizarán Internet para ampliar/ actualizar información sobre grupos musicais, compositores, intérpretes, eventos musicais e organoloxía.

Mediante a realización de traballos de investigación sobre un tema determinado, os alumnos farán uso da rede e mesmo de programas de edición de partituras, imaxes e textos, gravación sonora e audiovisual, etc.

## ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento deste plan nas clases de música:

- Realización de proxectos multimedia ( nos que cómpre procesar textos, imaxes e música) sobre temas diversos incluídos nos contidos da materia.
- Creación de pezas musicais utilizando programas de edición de partituras ou de edición de audio, primando a utilización de Software libre que os propios ordenadores do centro xa teñen instalados.
- Recadar información (verbal ou musical) presente en Internet necesaria para a cumprimentación de fichas, execución de actividades, etc.
- Gravación das partes instrumentais ou vocais en diversas pistas utilizando micrófonos, mesa de misturas e tarxeta de son instalada no PC do aula.
- Visualización de fragmentos de películas, óperas, zarzuelas, musicais e documentais en DVD.

## TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.

- Desenrolo de hábitos preventivos para cuida-la saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puvertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

## EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

## EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

## EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

## EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dividiremos estas en dous grupos:

Actividades dentro do centro:

Xa durante os últimos anos, os alumnos dos cursos superiores (4º ESO e 1º de Bacharelato) veñen ofrecendo concertos aos que asiste o resto do alumnado e máis os pais do centro (cando os concertos se desenvolven pola tarde). Normalmente prevemos un ao trimestre (coincidindo coa véspera de cada período vacacional).

Os cursos de terceiro terán que presentarse nestes concertos tamén, facendo este curso especial fincapé en amosar unha mostra de cantigas de Afonso X no primeiro trimestre.

Actividades fora do centro:

Asístese normalmente en tódolos cursos ó programa “Descubrir a música” proposto polo Concello de A Coruña, tanto nos seus concertos didácticos coma ós ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia enmarcados no mesmo programa. Esta actividade é proposta polo departamento, pero a súa realización ven dada en función da dispoñibilidade da oferta cada ano. No momento da realización desta programación non temos confirmación por parte do Concello de A Coruña da posibilidade de asistencia, pero tendo en conta que levamos tres anos sen poder participar, a ver se podemos facer que os alumnos disfruten desta actividade que nos parece fundamental coma parte do programa.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Faranse Adaptación Curriculares nos casos nos necesarios, tendo en conta os informes do departamento de orientación.

Prestarase Reforzo Educativo a todo o alumnado repetidor, ou coa materia pendente.

Considerarase que un alumno abandona a materia cando non fai ningunha das tarefas propostas na clase e non fai as probas de avaliación (negarse a tocar ou cantar, e deixar os exames en branco). Esta actitude conleva a perda da avaliación continua, e a realización dunha proba extraordinaria en Xuño.

## AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Teranse en conta tanto as observacións descritas nas reunións de departamento correspondentes as avaliacións ordinarias, como na memoria de final de curso co fin de introducir medidas correctoras no proceso ensino – aprendizaxe.

Así mesmo, analizarase a variación de resultados na proba de de discriminación auditiva e musical realizada ao principio e final de curso.